



Trátase dun reprodutor de vídeos en formato MP4 ou OGV con capacidade para almacenar ata 50 vídeos:



Na pantalla de edición aparécenos:



ZONA 1

Nesta táboa será onde vaiamos engadindo os vídeos que queiramos incorporar á nosa páxina. Facemos dobre clic na 1ª fila e aparece unha ventá emerxente para introducir datos:

No campo "Título" (1) escribiremos o título do vídeo que imos importar, e que aparecerá na páxina na parte inferior do reprodutor cando este estea activo. Cos botóns (2) abriremos o explorador de arquivos para buscar os vídeos en MP4 e/ou OGV respectivamente que teñamos nalgún lugar do noso equipo. Teña presente que, **no caso do MP4, o vídeo deberá de estar codificado como AVC(H264).**

. Na caixa de texto (3) podemos escribir un texto relacionado co vídeo que o usuario poderá presentar en pantalla co botón "T" da barra de botóns.



Nos campos "Tamaño" (4) axustaremos o ancho e o alto do reprodutor; o vídeo presentárase mantendo as proporcións e axustándose á dimensión máis pequena. Se marcamos a casa (5) faremos que o control de volume do reprodutor se baixe ao mínimo, polo que só veranse as imaxes e non se escoitará o son, aínda que o usuario sempre poderá cambiar isto dende o control do reprodutor. Se marcamos a casa (6) o vídeo reproducirase automaticamente ao ser seleccionado sen que o usuario teña que pulsar o botón de reproducir. Marcando a casa (7), unha vez que remate a reprodución do vídeo, este volverá reproducirse de novo dende o inicio de forma automática sen intervención do usuario. Co botón "Poster" (8) poderemos importar unha imaxe que se presentará na pantalla do reprodutor ao principio do vídeo antes de que este comece a reproducirse; pero se introducimos algún valor nos campos "Inicio" ou "tempo" esta imaxe non aparecerá.

Se non queremos que por defecto o vídeo comece a reproducirse dende o principio senón

dende un punto determinado, no campo "Inicio" (9) escribiremos o número de segundos que o reprodutor se saltará dende o seu inicio. Se marcamos a casa "tempo:" (10) e escribimos un valor no campo (11), o reprodutor só reproducirá o vídeo durante ese período de tempo e deterase cando este se esgote.

Unha vez rematemos de introducir todos os datos, pulsaremos no botón verde (12) e o vídeo quedará introducido na táboa. Opcionalmente poderemos usar a frecha verde (13) para seguir introducindo máis vídeos sen ter que pechar esta ventá ata que rematemos con todos.


Unha vez introduzamos todos os vídeos na táboa (1):

Título	MP4	OGV	Texto	Ancho	alto	Sub.	Sonik	Auto	Loop	Poster	Inicio	tiempo
A DAY IN THE LIFE	C:\Ardora7\NTemp\vr		I read the news today, oh how ~ Abr	320	240		1	0	0	D:\_WE	0	
IF I FELL	C:\Ardora7\NTemp\vr		If I fell in love with you ~ Would you	480	360		0	0	0		0	
THE NIGHT BEFORE	C:\Ardora7\NTemp\vr		We said our goodbyes (ah, the night)	480	360		0	0	0		0	

Podemos eliminar calquera deles sen máis que o seleccionar e usar o botón vermello (2). Tamén podemos cambiar a orde de reprodución (mover un vídeo cara a arriba ou cara a abaixo na táboa) seleccionando o vídeo e usando as frechas verdes (3). O botón (4) serve para unha introdución rápida dun vídeo na táboa sen ter que usar a ventá emerxente de edición da que falamos; o vídeo situarase sempre na última fila da lista.


## ZONA 2

Aquí configuraremos a barra de botóns que se achega na páxina:



Co botón "*Fonte*" (1) escolleremos a cor das iconas que están dentro dos botóns, tamén afectará ao título do vídeo e aos textos do menú


despregable; marcando a casa (2) faremos que aparezan os botóns de frechas situados nos extremos para poder cambiar ao vídeo anterior ou ao seguinte; a casa (3) aplica sombra á barra e aos botóns; a casa (4) fai que a barra




quede rodeada por unha liña continua; coas casas (5) situaremos a barra na parte superior, inferior ou nos laterais da páxina; co botón (6) elixiremos a cor de fondo dos botóns, que tamén afectará ao fondo da ventá do menú despregable; co botón (7) elixiremos a cor da barra e no campo (8) regúlase a transparencia da barra, a maior valor maior opacidade e a menor valor máis transparencia.

### ZONA 3

Aquí configuraremos algunhas das características do menú despregable, que se abrirá sen máis que situar o punteiro do rato sobre o correspondente botón:



Co botón (1) escolleremos o tipo de fonte; no campo (2) o tamaño desta e no campo (3) o ancho da ventá do menú pois o alto xa o axusta Ardora automaticamente. En caso de que a nosa páxina conteña moitos vídeos, con este menú poderemos acceder directamente a calquera deles sen ter que usar os botóns das frechas.




## ZONA 4

Aquí configuraremos algunhas das características do menú "Texto". O contido que apareza pulsando este botón será o que introducimos na caixa de texto "Texto" cando se fai dobre clic sobre unha das filas da táboa.



Co botón (1) escolleremos o tipo de fonte; no campo (2) o tamaño da mesma e coas casas (3) se queremos que se aliñe a esquerda, dereita, ao centro ou xustificalo. A casa (4) aplica sombra ao recadro que se desprega e a casa (5) fai que este quede rodeado por unha liña continua.



Co botón (6) escolleremos a cor de fondo do cadro despregado; no campo (7) regúlase a súa transparencia: a maior valor maior opacidade e a menor valor máis transparencia; no campo (8) regularemos a distancia de "apertura" do recadro, ou sexa, a distancia dende a barra de botóns ata o seu final pois a outra magnitude abranguerá sempre todo o longo da barra; marcando a casa (9) faremos a páxina compatible con dispositivos de pantalla táctil e co botón (10) poderemos escoller unha cor de

fondo para toda a páxina.